

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



# CONCURSO FOTOGRAFICO GALICIA É AUGA XUÑO - XULLO 2014

Sube a túa foto e gaña  
unha fin de semana de  
turismo termal e unha  
aventura en kajak

[cidadedacultura.org](http://cidadedacultura.org)

**CATEGORÍAS** | Galicia é auga conta con dúas categorías por idades:

- Xuvenil: de 13 a 17 anos.
- Adulta: a partir de 18 anos.

O concurso extenderase desde o 2 de xuño ao 13 de xullo. O nome dos gañadores darase a coñecer o 25 de xullo, Día de Galicia.

Galicia é auga conta con tres premios por categoría, que serán outorgados por un xurado profesional. Ao concurso oficial súmase o premio do público, que sairá da foto máis votada polos usuarios de facebook.

**PREMIOS** | Entregaranse tres premios por cada categoría e un especial do público:

- Categoría de 13 a 17 anos: experiencia en kajak e fin de semana rural.
- Categoría a partir de 18 anos: fin de semana termal nun dos balnearios de Galicia.
- Premio especial do público: segundo a idade do gañador, entregaranse un dos dous premios anteriores.

**BASES** | A participación no concurso supón a aceptación íntegra destas bases:

O concursante outórgalle á Fundación Cidade da Cultura de Galicia licenzia suficiente sobre os dereitos de reprodución, publicación, distribución, transformación, comunicación pública e posta a disposición da súa obra por tempo indefinido, quedando circunscrita ao ámbito do concurso e exposición posterior. A Funda-

ción sinalará unicamente nome e apelido do autor, sen condicionamento algún e sen que supoña pagamento de contraprestación algunha ao autor. O concursante garante ser único titular dos dereitos de autor sobre a fotografía que presenta a concurso e responsabilízase de toda reclamación relativa a dereitos de imaxe, mantendo indemne á Fundación Cidade da Cultura de Galicia fronte a calquera reclamación de terceiros. Se a autoría das imaxes lle corresponde a máis dunha persoa, deberá facerse constar na ficha de inscrición. O concursante autoriza á Fundación a ceder a terceiros a mesma, e esta a súa vez ceder as súas fotografías a terceiros, sen perxuízos dos dereitos cedidos á Fundación. Os concursantes garanten que a fotografía foi elaborada co consentimento das persoas que aparecen nela. No caso de aparecer persoas identificables –nunca menores de idade– deberá constar por escrito a autorización de ditas persoas. Os autores das fotografías enviadas a este concurso son persoas maiores de idade, dan o seu consentimento e, polo tanto, aceptan as consecuencias do envío das súas obras ao presente concurso 'Galicia é Auga'.

En cumprimento co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais que se faciliten para a participación no presente evento incorporaranse a un ou varios ficheiros, cuxo responsable é a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, con domicilio en Monte Gaiás s/n, onde poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, oposición, dirixindo solicitude asinada por escritor xunto cunha fotocopia do DNI.

Coca-Cola

TELEVISIÓN DE GALICIA

BALNEARIOS DE GALICIA

FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA

XUNTA  
DE GALICIA